

ORWELL: 2+2=5

Raoul Peck, 2025

1687

ESTREA EN NUMAX: 27.02.2026 | V.O.S.E. | +16 | 119 min

George Orwell foi un dos autores máis visionarios do século XX, cuxas novelas, "1984" e "Rebelión na granxa", prediciron un futuro autoritario e arrepianete. O aclamado director Raoul Peck ("I Am Not Your Negro") entrelaza imaxes de arquivo, lecturas do diario de Orwell, referenzas cinematográficas e imaxes actuais para crear non só un retrato do escritor, senón tamén unha nova perspectiva sobre o profética que virou a súa obra.

«Brillante. Emocionante. O documental máis audaz que se podía ter feito neste intre»

THE MAGAZINE



Por que Orwell? Por que agora?

Por Raoul Peck

Hai só tres anos, cando Universal Pictures puxo á venda os dereitos exclusivos de toda a obra de George Orwell, preguntámonos: Por que George Orwell? Por que agora? Hoxe sabémolo.

Viuno todo. Analizouno todo. Advertiunos a todos. Parece mesmo irónico que todos queiran reivindicalo hoxe, sobre todo nun mundo xa cambiado como o actual.

Cando, no seu momento, preguntei a dous dos meus amigos escritores máis respectados e famosos sobre Orwell, as súas respostas revelaron tanto entusiasmo como irritación apagada. Algo que non agardaba. Deume aínda máis curiosidade. Crispados na extrema esquerda. Voces airadas na extrema dereita. E moitos no medio.

É encomiado como un predicador do día do xuízo final. Vilipendiado como traidor á causa socialista. Demonizado como colonizador. Utilizado como escudo polos oportunistas *neocon*. Seguido como un profeta por aqueles que buscan a fe cega. Con todo, mantense só, irritable e desafiante. Un visionario. Un anarquista disfrazado. Un reporteiro teimudo de corazón brando. Un creador de ficción que revela a palabra como realmente é.

Orwell. O seu nome converteuse nun potente adxectivo -«orwellián»- para sinalar mecanismos autoritarios e aspectos morfolóxicos do noso mundo contemporáneo: a vixilancia, a censura, a corrupción política, as *fake news*, a loita de clases, as seducións do poder, o dobrepensar, os algoritmos, os drones, as guerras permanentes, a distracción como modo conspicuo da represión moderna. As súas frases e ideas literarias son omnipresentes en novas versións ou nas súas formas orixinais: «Gran Irmán», «Policía do Pensamento», «Dous minutos de odio», «Buraco de memoria», «Newspeak», «Crime de pensamento».

Agora está ao noso ao redor. Nos nosos tempos actuais de incerteza, é o momento oportuno, case un século despois, de confrontar o mito coa realidade, á luz do perigo claro e presente de hoxe, onde 2+2 é definitivamente = 5.

Publicado en caramelfilms.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Rebelión en la granja,
George Orwell,
Debolsillo, 2013

1984,
George Orwell
Faktoria K de Libros, 2011